

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE PESCA  
E ASUNTOS MARÍTIMOS

Secretaría Xeral

Edificio Administrativo San Caetano, 5  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfonos 981 54 40 38 - 981 54 40 19  
Fax 981 54 40 37

Celebrada, o día 20 de decembro do presente ano, unha xuntanza da Mesa Xeral de Negociación da Comunidade Autónoma de Galicia na que foi vista a proposta de modificación da relación de postos de traballo desta Consellería, esta Secretaría Xeral, a petición das organizacións sindicais presentes na dita mesa, e para que conste na vindeira sesión da Comisión de Persoal prevista para o día 22 de decembro, informa que:

**PRIMEIRO.-** A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, con respecto á proposta vista na Mesa Xeral do 20-12-2006, propón algunhas variacións, que deberán ser recollidas na RPT que finalmente se publique. Concretamente estas variacións refírense a determinadas prazas das que se propoñía que quedasen pechadas a Administración Xeral, e que agora se solicita que queden **abertas a Administración Xeral/Especial**. Os postos son os seguintes:

DESTINO	CÓDIGO NOVA RPT	DENOMINACIÓN NOVA RPT	CÓDIGO RPT VIXENTE	DENOMINACIÓN RPT VIXENTE
D.X.Estructuras e Mercados da Pesca	PEC040000115770018	Sección de Modernización e Renovación da Frota	IDEM	IDEM
	PEC040000115770021	Sección de Equipamentos da Frota e Medidas Sociais	IDEM	Sección Reestruturación da Frota e Medidas Sociais
	PEC040000115770031	Sección de Industrias dos Productos do Mar	IDEM	Sección Industria de Transf. Productos do Mar
	PEC040000115770087	Sección Administrativa	PEC050000115770057	Sección Desenvolvemento Pesqueiro
Delegación Territorial Vigo	PEC991000036560090	Sección de Acuicultura	PEC991000036560050	IDEM
	PEC991000036560093	Sección de Pesca	PEC991000036560052	IDEM

**SEGUNDO.-** O Secretario Xeral comprométese de cara a unha vindeira modificación da RPT, e sempre dentro de que exista dispoñibilidade orzamentaria, a:

-  - Respecto dos postos de Subalterno, nivel 10, da consellería analizarase cantos postos deben realizar tarefas de conducción para propoñer a reclasificación a nivel 12, con inclusión do requisito do permiso de conducir, dos que se considere preciso.
-  Propoñer subas de nivel de persoal funcionario biólogo e veterinario, que ocupan postos que na actual proposta non experimentan variación, incluíndose neste apartado a equiparación de nivel entre a Sección de Pesca da Delegación Territorial de Vigo coa súa homónima da Delegación Territorial da Coruña.
-  Estudar os horarios do persoal laboral da consellería, para propoñer a asignación do complemento de especial dedicación aos postos que sexan acreedores del.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PESCA  
E ASUNTOS MARÍTIMOS

Secretaría Xeral

Edificio Administrativo San Caetano, 5  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfonos 981 54 40 38 - 981 54 40 19  
Fax 981 54 40 37

~~\*~~ Nos postos de veterinario coa denominación "Funcionario Inspección Pesqueira", podería revisarse a dita denominación.

~~\*~~ Aínda que é un tema previo á modificación da RPT que, no seu caso, simplemente debería recollelo, reiterarase a proposta de unificación das categorías 17 e 61 do grupo III de persoal laboral, que debería acordarse no ámbito correspondente, e que excede das competencias da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2006,

O SECRETARIO XERAL,

  
Asdo: Miguel Ángel López Sieiro

**DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA**  
**Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**



Ademais do xa realizado na Mesa Xeral do 20-12-2006, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar comprométese a:

- **Primeiro.**- Os postos que permanezan abertos a persoal docente ou a persoal estatutario da presente relación de postos de traballo son só aqueles que están a ser ocupados por persoal que provén desas administracións. No intre en que algún deses postos quede vacante, este departamento iniciará de xeito inmediato a tramitación da modificación dese posto na RPT co fin de suprimir a posibilidade da súa cobertura por persoal docente ou estatutario, segundo o caso.

- **Segundo.**- En relación cos postos de directores/as das Casas da Xuventude e dos Fogares do Maior, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar comprométese a modifica-la súa forma de provisión no intre en que se atopen vacantes, pasándoos de libre designación a concurso.

- **Terceiro.**- Ao longo do ano 2007, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar convocará os/as representantes das organizacións sindicais con presenza na Mesa Xeral de Negociación coa finalidade de avalia-la situación dos postos de Inspectores/as de servizos sociais e aborda-la súa configuración.

- **Cuarto.**- No ano 2007 crearanse os postos de Porteiro Maior – N14- e un posto de subalerno – N12- co requisito de estar en posesión do carnet de conducir.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2006

## CAMBIOS A REALIZAR NA PROPOSTA DE RPT DA VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

**Primeiro.-** Os postos denominados “**Sección de Coordinación de Menores**” que figuran en cada unha das Delegacións da Igualdade e do Benestar, (códigos VPC991000015001186, VPC991000027001110, VPC991000032001114 e VPC991000036560156), para o persoal funcionario, grupos A, B, C, forma de provisión concurso, este departamento entende que deberían perfilarse para persoal laboral, grupo I: categoría 6 - psicólogo, categoría 11 - pedagogo, e grupo II: categoría 6 - educador e categoría 17 - traballador social.

Admitindo as razóns da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas no que se refire á posibilidade de que estes postos non sexan de LD, abertos a persoal funcionario e laboral, consideramos que as funcións a realizar polos titulares dos postos referidos, como a coordinación do persoal técnico (psicólogos, traballadores sociais,...), así como a promoción profesional e as materias competencia desas unidades administrativas fan necesaria a súa configuración como **persoal laboral**. En consecuencia a denominación destes postos sería coa **vinculación laboral: coordinador de menores**, con un plus convenio de 6.000 €, con un plus de penosidade B10, e con un plus de penosidade B18.

As Delegacións Provinciais veñen subliñando o perfil marcadamente técnico que asuma a coordinación dos equipos de intervención. É obvio que para exercer esta función é requisito indispensable o coñecemento da materia, dos procedementos e das actuacións obxectos de coordinación. Entre as funcións de coordinación e supervisión destacan:

- Seguimento dos expedientes de cada un dos equipos e intervención, e asesoramento a aqueles na toma de decisións técnicas.
- Apoio técnico á hora de realizar informes, propostas dos equipos de valoración; así como supervisión dos informes-propostas de acollementos e adopcións.
- Acompañamento aos equipos de intervención na realización de ingresos de menores en centros, auxilios xudiciais para a retirada de menores do seu domicilio.
- Colaboración cos equipos de servizos sociais de atención primaria dos concellos.
- Coordinación, xunto co asesor xurídico, coa fiscalía de menores, cara á presentación de informes, peticións de dilixencias...; así como cos corpos de seguridade (policía nacional, garda civil e policía autonómica) para a recepción de dilixencias, peticións de investigacións, traslados de menores, auxilios xudiciais...

- Colaboración na realización de documentos técnicos, para a elaboración de protocolos de actuación cos servizos sociais dos concellos, delegación de educación (absentismo escolar), sanidade..., e
- Coordinación coas distintas delegacións provinciais para o traslado de menores entre provincias, traslado de expedientes; así coma coa propia Secretaría Xeral para a xestión de ingresos de menores, seguimento de expedientes tanto de protección, coma de acollemento e adopción, entre outras.

Para a realización das ditas funcións é preciso o coñecemento e a experiencia nos asuntos propios do ámbito de menores. Esixencias que recibirán resposta axeitada co acceso ao posto do que tratamos de persoal laboral dos grupos e categorías que integran os equipos técnicos. Carecería de coherencia que para formar parte dos equipos que deben propoñer as medidas de intervención se esixa pertenza a determinadas categorías laborais e ese mesmo requisito se suprima para acceder ao posto que deba asegurar a coordinación na proposta, aplicación e seguimento dos referidos instrumentos de protección.

Outro argumento que reforza esta opción é a dispoñibilidade que debe ter o titular do posto para aqueles casos que precisen de medidas urxentes de protección fora do horario habitual de traballo. Nestes supostos, será o coordinador o que avalie a situación, tome as decisións e coordine as comunicacións con órganos superiores, centros dependentes, fiscalía e xulgado de menores; todo isto para a correcta e áxil utilización dos instrumentos de intervención pública previstos pola lei ante situacións de risco ou desamparo que non admitan demora no seu tratamento.

Por todo as Delegacións Provinciais consideran que a apertura do posto de coordinador de menores a persoal laboral das categorías indicadas como única fórmula que garante o cumprimento das funcións de coordinación técnica que xustifican a súa creación.

No caso do coordinador do E.V.O. da Delegación da Coruña hai que sinalar que o traballo de valoración da minusvalía recae exclusivamente sobre traballadores laborais (médico, psicólogos e traballadores sociais), polo que cómpre unha verdadeira coordinación sobre os criterios seguidos no desenvolvemento deste traballo, sendo polo tanto axeitado que o dito posto poida ser ocupado por algún traballador das categorías profesionais citadas. O plus convenio sería como o que se lle asigna o coordinador de menores: 6.000 € e tamen se lle asignaría o B10 e B18

**Segundo.-** Cómpre incorporar o requisito de **licenciado en dereito (2062)** no epígrafe de titulación aos seguintes postos base grupo A: códigos VP2010000015770011, VP2010000015770013, VP2010000015770014 e VP2010000015770015, dado que van a desempeñar as súas funcións adscritos ao Servizo Técnico Xurídico da Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais e na Subdirección Xeral de Relacións Institucionais, nos dous primeiros destes postos, co código que correspondese, figuraría como mérito na columna de formación específica: "coñecementos en dereito constitucional", xa que son os dous postos base que realizarán o seu traballo na Subdirección Xeral de Relacións Institucionais.

Tamén se engadirá o requisito de **licenciado en económicas (2022)** -como titulación- e como mérito na columna de formación específica: "coñecementos en facenda pública", co código que corresponda, aos seguintes postos base grupo A: VP2010000015770008 e VP2010000015770018, xa que prestarán os seus servizos na Subdirección Xeral de

Relacións Institucionais, na unidade á que lle corresponde o traspaso de competencias de Administración do Estado a esta comunidade autónoma e conseguíntes avaliacións económicas, ademais das análises referidas a materia de impostos e outros que se lle encomenden no referido centro directivo.

**Terceiro.-** No formato da RPT proposta enviada a este departamento o 31/07/2006, advírtense os seguintes **erros que deben ser corrixiados:**

- a) Páxina 1: suprimir “persoal laboral” e substituír por “persoal funcionario”.
- b) Na Delegación da Coruña, a sección administrativa VPC991000015001145, antes FAC991000015001094 en observacións debe figurar ocupada por funcionario da administración especial. Así é dende a súa transferencia procedente do INEM.
- c) Na Residencia de Maiores Torrente Ballester engádese a uns postos de ATS/DUE o complemento B12, cunha cantidade asignada en virtude de execución de sentenza que o final da RPT ou en observacións debería concretarse a dita cantidade de 1518,34 euros, xa que o dito plus non ven establecido coma outros pola orde de confección de nóminas.
- d) A denominación do Albergue Xuvenil de Vilanova de Arousa é “As Sinas”, polo que debe figurar Albergue Xuvenil As Sinas (Vilanova de Arousa).
- e) Na páxina correspondente ao Centro Ocupacional O Saiar debe engardirse a súa localidade: Caldas de Reis, entre parénteses.
- f) Na Escola Infantil N<sup>a</sup> S<sup>a</sup> da Purificación o posto base grupo D (VPC994040127190004) debe figurar vacante: “S”, e suprimirse da columna de observacións: ocupada por laboral fixo. Dado que a titular que o ocupaba aprobou as probas de outra categoría laboral.
- g) O Negociado Administrativo (VPC991000015001200) na Delegación da Coruña debería figurar vacante: “S”, por xubilación permanente absoluta para o exercicio das súas funcións da funcionaria que ocupaba o dito posto, declarada por resolución da Dirección Xeral da Función Pública do 15 de novembro de 2006.
- h) Actualización no formato de RPT da columna de “vacantes”.

**Cuarto.-** Trala reunión previa cos representantes sindicais o día 14 do presente mes acordouse:

- a) suprimir da columna de corpo/escala: Estatutario dos seguintes postos:
  - Director do Centro “Santiago Apóstol”.
  - Director/a Administrador/a da Residencia de Maiores “Torrente Ballester”
  - Director/a Administrador/a da Residencia de Maiores de Carballo.
  - Director/a da Residencia de Maiores de Oleiros.
  - Director/a Administrador/a da Residencia de Maiores da Pobra do Caramiñal.
  - Director/a da Residencia de Maiores de Santiago de Compostela.

- Director/a da Residencia de Maiores das Gándaras.
- Director/a Administrador/a da Residencia de Maiores de Burela.
- Director/a Administrador/a da Residencia de Maiores de Monforte de Lemos.
- Director/a do CAPD de Sarria.
- Director/a da Residencia de Maiores “N. S. dos Milagres” de Ourense.
- Director/a Administrador/a da Residencia de Maiores do Carballiño.
- Director/a Administrador/a da Residencia de Maiores de Castro Caldelas.
- Director/a Administrador/a da Residencia de Maiores de Pontevedra.
- Director/a Administrador/a da Residencia de Maiores de Marín.
- Director/a da Residencia de Maiores do Meixoeiro de Vigo.
- Director/a da Residencia de Maiores de Vigo.
- Director/a do CAPD de Redondela.

b) A sección administrativa (VP3010000115770006), na Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade, debe corrrixirse e figurará aberta a A/B/C.

c) Suprimirase os seguintes códigos na columna de formación específica nos postos seguintes do S.G.I.:

No VP A010000015770001, Secretario/a Director/a, suprimir: 020.

No VP A010000015770037, Sección de Programas, suprimir: 030.

No VP A010000015770041, Negociado Administrativo, suprimir 022.

No VP A010000015770060, Negociado Administrativo, suprimir 022.

d) Nas seccións de coordinación técnica das catro Delegacións Provinciais, abrir aos grupos A/B/C, suprimindo 2062 e 2085 e poñer “licenciado en Dereito” como mérito na columna de formación específica (501).

e) Suprimir do Servizo de Igualdade de Lugo apertura á Escala Especial, quedando aberta só á Administración Xeral ó igual que nas demais Delegacións Provinciais.

De todo o expresado no punto anterior douse conta e informouse na Mesa Xeral de Negociación do 20/12/2006.

**Quinto.- Na dita Mesa Xeral de Negociación (20/12/2006) acordouse suprimir da columna de corpo/escala: docente, quedando só abertos á escala xeral os seguintes postos:**

- Director adxunto do Complexo Residencial Xuvenil LUG (VPC994021027001002)

- Director da Residencia Xuvenil Altamar (VPC994021036560001)

Como consecuencia do anterior cambiaría tamén en ámbolos dous postos na columna de adscrición a outras administracións públicas o código A17, que pasaría a ser o A11.

Na Delegación Provincial da Coruña ao Posto Base Grupo B (VPC991000015001029) suprimiráselle da columna de titulación académica os códigos que figuran: 3030-3041.

Na Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade á Sección de Programas Europeos (VP4030000115770008) suprimiráselle tamén da columna de formación específica o código 499.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2006.